

VACINACIÓN DA GRIPE A PANDÉMICA (H1N1) 2009

¿Cando comezará a campaña de vacinación?

A campaña de vacinación, segundo acordou o Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde (CISNS) comezará o próximo día 16 de novembro.

¿Quen se ten que vacinar, inicialmente?

Os grupos de poboación considerados prioritarios polo CISNS para recibir a vacina pandémica son os seguintes:

- **Mulleres embarazadas**
- **Traballadores socio-sanitarios**
 - Todos os traballadores dos centros sanitarios, tanto de atención primaria como hospitalaria, pública e privada.
 - Persoal empregado en residencias da terceira idade e en centros de atención a enfermos crónicos que teñan contacto continuo con persoas vulnerables.
- **Persoas que traballan en servizos públicos esenciais**
 - Forzas e corpos de seguridade do Estado, con dependencia nacional, autonómica ou local.
 - Bombeiros.
 - Servizos de protección civil.
 - Persoas que traballan nos teléfonos dos servizos de emerxencias sanitarias.
 - Traballadores de institucións penitenciarias e doutros centros de internamento por resolución xudicial.
- **Persoas maiores de 6 meses de idade que, por presentar unha condición clínica especial, teñen un maior risco de complicacións derivadas da infección polo virus pandémico (H1N1) 2009. Estas condicións clínicas son:**
 - Enfermidades cardiovasculares crónicas (excluíndo a hipertensión).
 - Enfermidades respiratorias crónicas (incluíndo displasia bronco-pulmonar, fibrose quística e asma moderada-grave persistente).
 - Diabete mellitus tipo I e tipo II con tratamento farmacolóxico.
 - Insuficiencia renal moderada-grave.
 - Hemoglobinopatías e anemias moderadas-graves.
 - Falta de bazo.
 - Enfermidade hepática crónica avanzada.
 - Enfermidades neuromusculares graves.
 - Pacientes con inmunosupresión (incluíndo a orixinada por infección por VIH, ou por fármacos, ou nos receptores de transplantes).
 - Obesidade mórbida (índice de masa corporal igual ou superior a 40).
 - Persoas menores de 18 anos, que reciben tratamento prolongado con ácido acetilsalicílico, pola posibilidade de desenvolver unha síndrome de Reye.



No noso país a vacinación é voluntaria, incluso nos grupos nos que esta se recomenda de forma prioritaria, tal e como ocorreu en todas as campañas de vacinación que se levaron a cabo.

VACINACIÓN DA GRIPE A PANDEMICA (H1N1) 2009

¿Por que se recomenda a vacinación?

Desde a perspectiva da Saúde Pública:

1. A vacinación na poboación con risco elevado de complicacións reducirá a gravidade dos casos (haberá menos hospitalizacións).
2. A vacinación dos traballadores sanitarios diminuirá o posible contaxio ás persoas que estes atenden.
3. A vacinación dos que prestan servizos esenciais á comunidade manterá a máxima operatividade do sistema durante a pandemia.

¿Que leva na súa composición a vacina?

En España dispoñemos dos seguintes preparados aprobados pola EMEA (Axencia Europea do Medicamento), ambos os dous seguros e eficaces:

- Focetria® – (Laboratorios Novartis)
- Pandemrix® – (Laboratorios Glaxo Smith Kline)

Segundo informa a Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios (AEMPS), estes preparados levan unha cepa A (H1N1) similar á que causou a pandemia e en todas estas presentacións a vacina contén virus inactivados, nunca vivos.

Tanto Focetria® como Pandemrix® levan ademais un adxuvante, que é unha sustancia que aumenta a resposta inmune á vacina, o que permite que se necesite menos cantidade de vacina para obter unha inmunidade satisfactoria. Ambos os dous adxuvantes (MF59 para Focetria®, e ASO3 para Pandemrix®), mostráronse seguros nos seus respectivos ámbitos de aplicación.

¿Cal teño que poñer?

- Non se debe vacinar aos menores de 6 meses.
- Entre 6 meses e 17 anos administrárase Focetria® en presentación monodose para quen pertenza aos grupos de maior risco de complicacións.
- Para as embarazadas haberá unha vacina sen adxuvante.
- Para os adultos entre 18 e 60 anos dalgún dos grupos prioritarios aplicarase preferentemente Pandemrix®.
- En maiores de 60 anos pertencentes a algún dos grupos prioritarios administrárase preferentemente Focetria®.

Se ten algunha dúbida consulte ao seu médico.

¿Cantas doses de vacina necesito?

Aínda que inicialmente se deseñara para administrarse en dúas doses, con tres semanas de intervalo entre unha e outra, dado que a vacina se mostrou moi eficaz, na maioría dos casos, unha soa dose será suficiente. Pregunte no seu centro de vacinación.

¿Que efectos secundarios ten a vacina?

Os efectos secundarios que se observaron ata a data son similares aos que se presentan normalmente coa vacina da gripe estacional. Os máis frecuentes son: dor, arroubamento e inchazo no punto de inoculación, e síntomas parecidos aos dun cadro de gripe leve que desaparecen en 1-2 días sen tratamento. Para máis información visite a páxina web da Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios (AEMPS) www.agemed.es.

¿Pódese aplicar ao mesmo tempo que a vacina da gripe estacional?

Segundo o tipo de vacina estacional administrada pode ser necesario esperar polo menos tres semanas entre unha e outra. Consulte no seu centro de vacinación.

¿Onde podo vacinarme?

Para saber onde pode poñerse a vacina consulte nos teléfonos de información sobre gripe A da súa Comunidade Autónoma, que ten dispoñible en:

<http://www.informaciongripe.es/preguntas-y-respuestas-mas-frecuentes.html#ambitoI5>

<http://www.msc.es/servCiudadanos/alertas/telefonosCCAAGripeA.htm>

Ante calquera dúbida referente á vacinación fronte á gripe A pandémica (H1N1) 2009, consulte co seu médico.

Para máis información visite: www.informaciongripe.es

